CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados		
CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos.	Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás	TI	60
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira.	Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados		
CA1.9 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais e a tipoloxía textual, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira		
CA2.3 - Iniciarse, de maneira guiada, no rexistro e uso dos progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, recoñecendo os aspectos que axudan a mellorar e realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Iniciarse, de maneira guiada, no rexistro e uso dos progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira		
CA3.1 - Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais, construindo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, e mostrando rexeitamento ante calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar, de maneira guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.	Seleccionar e aplicar, de maneira guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos, de uso común, na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: recoñecemento das características e do contexto, organización e estrutura interna, segundo o xénero, a función textual, o destinatario e a finalidade.</li> <li>- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, o espazo e as relacións espaciais; o tempo, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas elementais.</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.</li> <li>- Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiáns básicas.</li> <li>- Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.</li> <li>- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.</li> <li>- Patróns culturais básicos de uso frecuente transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	Incredible inventions	19

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos	PE	40
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta,		
CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiáns e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos.	Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiáns	TI	60
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira.	Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado		
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas		
CA3.1 - Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, e mostrando rexeitamento ante calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar, de maneira guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.	Seleccionar e aplicar, de maneira guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; describir rutinas; dar indicacións e instrucións;

## Contidos

- expresar a pertenza e a cantidade.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos, de uso común, na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: recoñecemento das características e do contexto, organización e estrutura interna, segundo o xénero, a función textual, o destinatario e a finalidade.
- Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.
- Propiedade intelectual das fontes consultadas e contidos utilizados; identificación de dereitos de autoría.
- Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico.
- Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.
- Participación en intercambios comunicativos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A aprendizaxe das linguas estranxeiras está baseado na posta en práctica de situacións reais da vida e para iso contamos coa presenza dun profesor nativo nalgunha das sesións semanais da materia, axuda esencial á hora dunha produción real tanto oral coma escrita.

A metodoloxía incluírá aspectos tales: One face: one language.

A mestra de inglés fai a persoa coa que o alumnado identifica a lingua.

Motivación do alumnado con actividades complementarias como o concurso de deletreo ou o clube de lectura.

Implementar a ensinanza de fonética e produción por medio do método Jolly Phonics, unha metodoloxía lúdica TPR.

Usa un enfoque orientado á acción, creando situacións continuas de comunicación con e entre o grupo: TPR, seguir instrucións, preguntar e responder para dar/obter información en interaccións cotiás habituais, desenvolver xogos....

Partir sempre das aprendizaxes previas do grupo de alumnado co que traballamos.

Realizar proxectos significativos adaptados ao nivel educativo.

Deseñar actividades de aprendizaxe de acceso universal (DUA) para atender mellor á diversidade do alumnado o que axudará a darlle unha atención individualizada.

Poñer énfase na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto se detecten.

Impulsar situacións de interacción, de comunicación oral entre o alumnado de todos os niveis: en parellas, pequenos grupos ou grupo /aula, en situacións reais ou supostas (encher cadros de datos sobre o outro/a; competición entre grupos de pregunta - resposta; descubrir datos reais ou supostos sobre os demais a través de xogos coma Adiviña quen é?; dramatizacións de diálogos en situacións reais ou imaxinarias; etc.). Neste ámbito da comunicación oral, a introdución do xogo en diferentes formatos, soportes e modalidades preséntase coma un elemento necesario e fundamental para a adquisición da lingua en calquera nivel da etapa de Primaria: xogos de tarxetas tales coma xogos de memoria, adiviñar a tarxeta tapada, describir a tarxeta escollida; xogos de taboleiro temáticos, nos que os xogadores e xogadoras teñen que verbalizar todo o que se nos ocorra relacionado co desenvolvemento do mesmo: número do dado, do cadro, a imaxe ou palabra dese cadro, ler unha pregunta escrita no cadro no que se está, contestar a unha pregunta, e todas aquelas propostas que podan encaixar no marco do xogo de taboleiro e cumpra cos obxectivos de utilizar vocabulario e expresións na lingua estranxeira, proporcionar diversión e concentración aos participantes no mesmo e incorporar a todo o alumnado sen importar as súas habilidades e/ou capacidades. Incluímos aquí tamén os xogos lingüísticos, coma o mimo, e calquera outro que sirva para acadar obxectivos e competencias ao longo de toda a etapa de Primaria.

Empregar tecnoloxías dixitais: proxección de vídeos, xogos interactivos online, videoclips de cancións e tamén o uso da radio escolar para emitir e gravar cuñas publicitarias e mensaxes, realizar podcasts de duración curta, anuncios en



vídeo sobre eventos a realizar no propio centro ou a contorna, e actividades similares. Todas elas son adaptables a diferentes niveis de aprendizaxe da lingua e van permitir a interacción entre alumnado diverso.

Alternar, para introducir a lectura en lingua estranxeira e a escoita, o uso de ferramentas dixitais (historias publicadas en plataformas de difusión dixital, ilustradas e narradas por persoas de fala inglesa e acentos diferentes) coa lectura por parte do profesorado de libros adaptados a esta idade.

Utilizar fragmentos audiovisuais de documentais, anuncios publicitarios, curtas en vídeo, ... adecuados a este nivel para a práctica da comprensión oral. Este tipo de actividade permitiralles a nenos e nenas acceder a información e imaxes relacionadas con outras materias do currículo, e a temas transversais tales coma a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual; a igualdade de xénero, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.

Dotar aos nenos e nenas dunha ferramenta máis para a comunicación: a lingua estranxeira. Esta ferramenta, igual cás outras linguas das que dispoña, permitiralles expresar o que queren en cada momento, dende as súas necesidades básicas ("non me atopo ben", "quero ir ao baño"), ata relacionarse nos xogos ("tócame a min", "gañei!") e entender as necesidades dos/as demais.

Aproveitar todas as situacións que o ámbito escolar ofrece para introducir a lingua estranxeira en substitución das maternas do alumnado, propoñendo e creando situacións relacionadas coa realidade na que este vive, para que teña sentido e significado pleno a lingua que use e, ao mesmo tempo, ofrecerlle a posibilidade de achegarse a outras realidades grazas a ela, a través do mundo dixital.

Utilizar materiais visuais e variados, coma libros ilustrados, revistas, periódicos, tarxetas con imaxes do vocabulario das unidades didácticas, páxinas web, presentacións dixitais e vídeos curtos para a adquisición de estratexias de autoaprendizaxe entre as que están a utilización de técnicas coma impulsar repasos frecuentes entre os nenos e nenas, os xogos lingüísticos, a escoita de cancións e o visionado de películas e vídeos nesa lingua.

Priorizar a linguaxe corporal, os xestos, a mímica e soportes visuais para facerse entender o mestre/a cos nenos e nenas, e deste xeito practicar e aprender eles mesmos estas estratexias fronte á tradución.

Poñer en práctica a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais, necesaria para evitar a repetición de contidos . O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese xeralmente partindo da lingua materna e das ambientais, polo que é esencial o tratamento integrado de todas as linguas e a colaboración entre todo o profesorado que as imparte.

Asentar e afianzar, así mesmo, a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o que imparte outras áreas nesa lingua, necesaria nas seccións bilingües de ciencias sociais e naturais do centro.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro e activity book GO FAR RICHMOND 5
A Year without mummy -Helbling

Uso das pantallas dixitais do centro.

Uso do libro e Activity Book,Go Far Richmond con flashcards e pósters para o reforzo do léxico.

O libro conta cunha versión dixital,cuns códigos de acceso individuais ,cos que o alumnado ten acceso non só os materiais tanto impresos coma os dixitais,cancións,videos e cancións ,etc.

O libro de lectura The jaguar and the cow da editorial Helbling será empregado na clase para fomentar os hábitos de lectura que os han de acompañan na vida,ademais de traballar as competencias coa expresión e comprensión tanto oral coma escrita.

Asemade ,empregarase os dicionarios ,entrenando a habilidade de busca,en compañía da busca de información empregando as novas tecnoloxías..Os cadernos e fichas nalgunha ocasión serán unha parte diaria do traballo escrito na clase.

Páxinas web:

Plickers,ferramenta indispensable tanto no no traballo diaria coma na avaliación,tanto homoxénea coma heteroxénea.

Earth Cam, con imáxenes en tempo real de lugares do mundo con usos múltiples tanto para o traballo comunicativo como o reforzo de contidos gramaticais.

Toytheatre ,con xogos interactivos para traballar os números,fechas,o tempo.

Filpgríp para a creación de vídeos por parte do alumnado sobre temas ou retos propostos tanto por eles mesmos coma pola mestra.

Commonlit: para contos e historias con actividades para promover a expresión escrita .

Twinkl: múltiples recursos para a aula, xogos, presentacións,

Xogos e retos con flashcards.

Presentación de Powerpoint, Canva ,tanto para traballo oral coma escrito.

Uso de cancións, video clips, videos This is Britain, Stop Motion ,curtas para traballo oral ou escrito, para produción, expresión ou mediación.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Farase ao principio do curso unha avaliación de diagnose para coñecer o nivel competencial do alumnado: pronunciación, escoita e comprensión oral, fluidez na expresión verbal e calquer outro aspecto que os permita valorar o punto de partida de cada neno/a.

Utilizaranse proba escrita e rúbricas para avaliar a interacción en parella ou gran grupo. A mestra rexistrará e tomará nota da observación directa na aula rexistrando os datos nunha táboa de valoración específica.

No alumnado novo terase en conta a información proporcionada tanto polo censo anterior coma a entrevista co alumnado.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>16</b>	<b>16</b>	<b>16</b>	<b>16</b>	<b>18</b>	<b>18</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	40	40	40	40	40	40	<b>40</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	60	60	60	60	60	60	<b>60</b>

### Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación establécenos cada mestre/a utilizando : Procedementos e evidencias : observación sistemática, posta en común, presentacións, gravacións en audio e video, representacións tipo role play, teatrais, análise de portfolios e outros.

Instrumentos: táboas de indicadores, que serán diferentes segundo as evidencias que se queiran analizar, e probas escritas tales coma exames, tests, murais e presentacións elaboradas polo alumnado nos que se use a lingua escrita.

As rúbricas deseñadas para cada actividade xunto coas listas de cotexo ou escalas de observación serán empregadas na clase .Ademais ,empregarasen técnicas de xogo con actividades TPR (tales coma four corners, up and down) para a observación diaria. Os exit tickets serán empregados en ocasións para o chequeo do proceso de aprendizaxe. As dianas de avaliación poderán tamén ser empregadas tanto para a avaliación homoxénea coma heteroxénea.

As táboas de indicadores recollerán criterios e graos de consecución acordes coa evidencia que queiramos valorar.

As probas escritas , poden ser probas obxectivas ou exames. Ambos terán un carácter competencial, con actividades coma : compara estas dúas imáxenes, decide, xustifica, explica, etc.

Os alumnos con necesidades realizaránselles probas deseñadas especificamente , que inclúan o tempo orientativo de realización de cada parte e a puntuación da mesma.

Dado o carácter cíclico no traballo coa lingua estranxeira a adquisición da mesma é progresiva polo que no inicio do curso o alumnado terá menor fluidez , menos bagaxe de léxico e menos seguridade e confianza no uso da lingua e das ferramentas , técnicas e estratexias de auto-aprendizaxe en consecuencia terémolo en conta á hora de valorar as

evidencias que recollamos e de decidir a cualificación para cada alumno/a.

Para obter a cualificación na avaliación continua ao longo do curso teremos en conta o rexistrado nas táboas de indicadores que imos utilizando en cada UD, prestando especial atención aos avances que teña experimentado cada neno e nena dende o momento da avaliación inicial e/ou anterior.

Para construír a cualificación final elaboraremos táboas de indicadores específicos que analizarán todos os CA do nivel; prestaremos atención especial e valoraremos, principalmente, a evolución experimentada por cada neno e nena dende o comezo do curso escolar, o nivel de consecución de cada obxectivo e a adquisición das competencias nese remate do curso.

Terase en conta o traballo diario e as tarefas na casa, que serán revisadas e correxidas diariamente, tanto polo propio alumnado, como pola mestra.

### **Criterios de recuperación:**

O carácter progresivo da aprendizaxe da lingua estranxeira confire un enfoque continuista á recuperación daquelas unidades didácticas nas que algún alumno non acade os criterios mínimos. Aquel alumnado que non acade unha calificación positiva terá atención específica por parte da mestra. Ademais reforzase o papel do alumno -tutor, un compañeiro cun boa capacidade de axuda e cun alto coñecemento da materia.

Ó longo das tres avaliacións proveerase a este alumnado con materiais, explicacións ou traballo específico nos contidos nos que ten dificultade.

Cara ó final do curso, e de xeito global, farase un traballo de repaso e reforzo dos contidos e que poderán servir de recuperación.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Dado que neste curso hai alumnado con NEAE teremos en conta as actividades e a forma de presentalas ademais de adaptar o xeito de traballar na clase.

No caso do alumnado TEA a mestra manterá unha cercanía e un apoio constante á alumna tendo en conta as súas necesidades e tempos. Pola súa condición a integración do grupo non é total, a pesares de que a inclusión e o respecto son totales. A axenda da alumna será unha ferramenta clave para unha comunicación fluida entre as familias e a docente.

O alumnado con dificultades daráselle os tempos e axudas necesarias, tanto por parte da mestra como por parte dos fast finishers, que son un elemento clave no apoio ós compañeiros.

Teranse en conta os distintos ritmos de aprendizaxe e deseñaranse actividades axeitadas ó ritmo e as necesidades do alumnado,

### **7.1. Concreción dos elementos transversais**

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a saúde		X				
ET.3 - Educación emocional e en valores					X	X
ET.4 - Espíritu emprendedor e iniciativa empresarial						X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.5 - aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social				X	X	

#### Observacións:

Os elementos transversais do currículo están presentes en todo momento no traballo de aula. Aproveitase cada ocasión para traballalos e poñer en práctica estes elementos.

A igualdade entre rapaces e rapazas tense conta á hora de repartir tarefas equitativamente, elixir os membros dos grupos, a orde dos turnos de palabra. Calquer momento é bo para poñer en práctica modos de traballo que reflexen unha sociedade igualitaria, xusta e equilibrada, tanto física como emocionalmente.

Nos momentos de cansazo ou cambio de ritmo promoverase a actividade física na aula, tanto con actividades de TPR como con exercicios de relaxamento ou activación, dependendo do momento, para promover a situación de benestar dentro da aula.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Clube de lectura	Reunión dos xoves durante o recreo na aula de inglés para a lectura, escenificación e disfrute de libros en lingua inglesa	X	X	X
Spelling Bee contest	Concurso de deletreo de palabras en inglés na escola, e para os gañadores, viaxe a Madrid para o concurso final	X	X	
Celebración de Halloween	Actividades como escape rooms, concurso de relatos ou búsqueda de pistas	X		
Celebración do día da poesía	O alumnado recita poemas en lingua inglesa		X	

#### Observacións:

As actividades complementarias proporcionan un marco perfecto para un traballo en equipo nun ambiente máis relaxado no que o alumnado pode traballar os elementos transversais dun xeito máis relaxado á vez que fan uso das súas estratexias de expresión e mediación.

Estas actividades son esenciais ademais para o fortalecemento de lazos entre os alumnos coa mestra e tamén coa materia.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
Adaptouse a temporalización e os contidos das unidades didácticas ás necesidades dos alumnos

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Optimizouse o uso das novas pantallas
Medidas de atención á diversidade
Deseño de actividades e proxectos motivadores para o alumnado
Clima de traballo na aula
Promoveuse unha boa relación entre a mestra,vehículo da lingua,e entre o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Traballouse en equipo cos departamentos das outras linguas ou matemáticas,para mellorar a comprensión de certos contidos

**Descrición:**

A búsqueda dunha maior cercanía e disponibilidade da mestra promoverá unha maior motivación polo alumnado cara á lingua.

O traballo en equipo entre tutores e docentes das outras linguas favorecerá unha maior comprensión de contidos e un maior coñecementos das necesidades dos alumnos.

A creación e adaptación de traballos,proxectos e actividades atractivas e tendo os alumnos coma foco fomentará a motivación e altos grados de consecución dos obxectivos entre o alumnado.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O deseño das unidades ó comenzo do curso realizarase en función da normativa e dos resultados da avaliación inicial,que condicionará as actuacións dende o principio do curso.

Coas avaliacións de cada trimestre terás tamén en conta unha avaliación do proceso e do deseño nese período, dando lugar ás modificacións necesarias de cara ós contidos , á metodoloxía ou os mínimos esixibles.Deste xeito adaptarémonos con maior precisión ás necesidades do alumnado.

**9. Outros apartados**